



CONCELLO  
DE  
CABANAS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 29 DE XUÑO DE 2016.

Concelleiros asistentes:

D. Manuel González López  
D. Julián Ramón Seijas Criado.  
Dª. Esperanza Gayoso Pereiro.  
D. Javier Fernández Brage  
D. Delfín Feal Pereira.  
D. Carlos Ladra Brage  
Dª. Concepción Rodríguez Ferreiro  
D. Iago Varela Martínez.  
Dª. María Eva García Amor  
D. Xosé Manuel Pérez Sardiña

incluídos na Orde do Día.

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día vinte e nove de xuño de douce mil dezaseis, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde Germán Castrillón Permuy, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario titular Antonio López Vila, reúñese o Pleno da Corporación en sesión ordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, procédese a trata-los asuntos


1.- APROBACIÓN SE PROcede DE ACTAS DE SESIÓNs ANTERIORES. Dáse conta das actas das sesións realizadas o día 27 de abril, 30 de marzo e 3 de xuño de 2016, das cales entregouse copia coa convocatoria a tódolos concelleiros; o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación, e non presentándose alegacións, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, covoto a favor dos once membros que o componen, acorda aproba-las referidas actas.

2.-PROXECTO MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN A COSTA, CHAMOSO, AS MODIAS E VIAL DE SERVIZO EN FONTENOVA.Vistas as necesidades de obras de mellora rural e a notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural, de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestruturas rurais do Plan de Emerxencias 2016 consistentes en “Mellora de camiños municipais en A Costa, Chamoso, As Modias e Vial de servizo en Fontenova”, cun orzamento estimado de 51.867,38 euros, segundo memoria valorada redactada polo enxeñeiro de camiños Antonio J. Durán Maciñeira.

Tendo en conta que se está a tratar de obras de interese municipal, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o componen, acorda:

1º. Manifestar a súa aceptación á execución das devanditas obras en réxime de cooperación e comprometerse a:

- a) A posta a disposición, libre de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.
- b) A renuncia expresa a reter da achega desta Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.
- c) Asumir –unha vez recepcionadas as obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma- a explotación, manimento e conservación das mesmas.





CONCELLO  
DE  
CABANAS

- d) Manifestar o compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no proxecto, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes.
  - e) O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por este Concello.
  - f) O Concello antes da adjudicación definitiva da obra e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditar a efectiva disponibilidade de terreos.
  - g) Faculta-lo Alcalde-Presidente para a sinatura do correspondente convenio de cooperación.
- 2º. Manifestar que o Concello dispón dos terreos necesarios para a execución das obras inherentes ao proxecto “Mellora de camiños municipais en A Costa, Chamoso, As Modias e Vial de servizo en Fontenova”.
- 3º. Manifestar que o proxecto cumpre coa normativa vixente en materia urbanística de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 10 de xuño de 2016.

3.- PROPOSTA PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE 2016 (PMA 2016). Vistas as bases reguladoras do Plan Provincial de Medio Ambiente 2016 (PMA 2016) publicadas no B.O.P nº. 103 do 1 de xuño, así como a contía asignada a este Concello por importe de 42.923,68 e o proxecto técnico da obra a proponer.

Despois de estudiado o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria co voto a favor dos once membros que o componen, acorda:

1.- Aprobar o Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación a actividades relacionadas co medio ambiente, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Captación e subministro de auga ás duchas da praia de A Madalena.	42.923,68	---	42.923,68
SUBTOTAL OBRAS/SUBMINISTRACIÓN	42.923,68	---	42.923,68

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de actividades:

Detalle das actividades a realizar	Deputación	Concello	Orzamento total
---	---	---	---
SUBTOTAL ACTIVIDADES	---	---	---



**CONCELLO  
DE  
CABANAS**

**C) Resumo:**

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>SUBTOTAL OBRAS/SUBMINISTRACIÓN</b>	42.923,69	---	42.923,69
<b>SUBTOTAL ACTIVIDADES</b>	---	---	---
<b>T O T A L</b>	42.923,69	---	42.923,69

2.- Declarar que o Concello ten a disponibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que conta coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias ou que xa as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste Plan, xuntando os correspondentes documentos.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para fazer fronte á achega municipal das obras, suministros e actividades incluídas no PMA

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou actividade e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorizase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7.-Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4.- COMPARCENCIA SOBRE AS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE INSTALACIÓN DE DESFIBRILADORES: PROPOSTA CONCELLEIRO BNG.Vista moción presentada polo concelleiro do BNG sobre as actuacións en materia de instalación de desfibriladores, na cal fai referencia a moción presentada en data 27-04-2016 que quedou riba da mesa, o grupo de goberno comprometeuse a buscar máis información para levar proposta ao pleno, segundo a prensa a Mancomunidade acometerá a compra de dúas unidades para este concello.

Por elo propón a adopción do seguinte acordo:

Que a responsábel da área implicada no goberno municipal compareza publicamente neste pleno para informar sobre o estado das xestións nesta materia, o acordado na Mancomunidade, así como os prazos de execución e lugares onde está previsto instalar os aparellos.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

O concelleiro do grupo Popular Javier Fernández Brage informa que como xa manifestaron no pleno de abril, levan tempo traballando no asunto, nos últimos meses tiveron reunións co Club Xuventude de Cabanas e co CEIP Eladio Mariño, a directiva do club comprometeuse a participar na formación necesaria para poñer en marcha un desfibrilador, e na reunión co director do CEIP Eladio Mariño comprometeuse a comunicar en breve o grupo de persoas que participarían no curso



CONCELLO  
DE  
CABANAS

de formación para o uso do aparello; tamén debería haber un aparello na caseta de socorrismo da praia da Madalena, pero neste caso poderíase utilizar o do CEIP Eladio Mariño xa que pecha nos meses de verán, solo habería que comunicarlle o traslada ao 061. En canto ao acordo da Mancomunidade decidiuse solicitar diferentes orzamentos co fin de que unha posible compra ou aluguer resultase máis barata, en ningún caso se chegou a un consenso para a compra de 2 desfibriladores; no referente aos prazos de execución primeiro deberíamos esperar que o colexio comunique os participantes na formación e logo é necesario facer unha modificación de crédito para fazer fronte ao aluguer ou compra dos aparellos para o que se necesita o informe de Intervención, por iso mentres non se teñan resoltos eses trámites non podemos concretar prazos.

**5.- SEGUIMENTO DE MOCIÓNES APROBADAS: PROPOSTA CONCELLEIRO BNG.**  
Dáse conta da moción presentada polo concelleiro do BNG sobre a creación dun sistema de seguimento de mocións aprobada, na cal alude á presentación de mocións como medio de expresión do pluralismo ideolóxico do Pleno Municipal sendo necesario que os acordos adoptados se materialicen, considera que varias das aprobadas afectaban a traballo normativo de Cabanas e delas nada se volveu a saber, por iso é convinte a creación dun mecanismo plenario para o seguimento das mocións aprobadas.

Polas razóns expostas propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. O Concello de Cabanas adoptará un mecanismo de seguimento das mocións aprobadas mediante a figura de Comparecencia obligatoria da alcaldía ante o pleno para facer o seguimento das mocións presentadas.

1.a.- A estos efectos, a alcaldía comparecerá ante o pleno cada tres meses, nos plenos ordinarios de xaneiro, abril, xullo e outubro de cada ano.

1.b.- En cada comparecencia trataranse as mocións aprobadas nos meses 4º, 5º e 6º previos ao da data da comparecencia.

1.c.- O obxectivo da comparecencia é dar conta do grao de desenvolvemento ou cumprimento de todas e cada unha das mocións aprobadas.

1.d.- En cada comparecencia, votarase obrigatoriamente a satisfacción do pleno coa mesma.


1.e.- No caso de que o desenvolvemento dalgunha das mocións fose insuficiente no prazo previsto, o pleno poderá acordar que sexa traída de novo á seguinte comparecencia.

2.- O Concello de Cabanas publicará o texto das mocións aprobadas polo pleno municipal na súa páxina web no prazo máximo de 7 días despois de ser aprobada a acta na que figuran, para o coñecemento da poboación.

3.- O Concello de Cabanas fará chegar de forma directa á destinatarias (entidades, institucións,...) os acordos plenarios tomados nos que o Pleno deste concello inste ás mesmas.

4.- As mocións que se “deixan quedar sobre a mesa” por necesitar máis información ou estar pendentes de novos acontecementos, será traídas de volta ao pleno no prazo máximo de 3 meses, conxuntamente cun informe no que se detallen os avances na mesma, para a súa nova votación polo pleno.

5.- O Concello de Cabanas adoptará os cambios normativos necesarios para levar a efecto esta moción.





CONCELLO  
DE  
CABANAS

Despois de explicar o concelleiro do BNG Iago Varela Martínez os motivos expostos na moción, na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o voceiro Delfín Feal Pereira alude ao exposto na comisión de Asuntos do Pleno, considera que sería necesario pulir máis algúns puntos estando de acordo co sentido da moción, o punto 1.b habería que modificalo, non ve a necesidade do punto 1.d. e o 1.e habería que buscar a maneira de facelo máis áxil, cos outros puntos están de acordo.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Iago Varela Martínez propón a modificación do punto 1.b nos seguintes termos “en cada comparecencia trataranse as mocións aprobadas que se consideren na comisión de Asuntos do Pleno previa” nesa comisión se trataría que mocións se levan a esa comparecencia, sobre os puntos 1.d. e 1.e non ten problema en que se eliminan si así o consideran.

Polo grupo Popular: o voceiro Manuel González López manifesta que non ven a necesidade da formulación nin dos acordos que propón na moción, no 1º punto teñen a sensación que vostede quere que o grupo de goberno e os funcionarios lle realicen o seu traballo de seguimento e control das mocións que presenta a este pleno, si quere saber como están os trámites ten varias forma de facelo, o punto 2 xa foi modificado e están de acordo, o punto 3 xa se está enviando a acta a tódalas asociacións rexistradas no Concello unha vez aprobada, o punto 4 corresponde ao grupo que presenta a moción solicitar que volva a pleno cando teña os informes ou documentación necesaria para o seu debate, non pode pretender que os demais lle fagan o seu traballo nin ter ocupado administrativamente o Concello con mocións que na maioría non teñen repercusión para os veciños e veciñas de Cabanas, desde o grupo Popular consideran moito máis interesante promover iniciativas que teñan interese directo para a veciñanza, e por elo votarán en contra.

O Sr. Feal Pereira agradece que o concelleiro do BNG teña en conta as consideración do grupo Socialista, e con respecto a intervención do voceiro popular indica que non se trata de botar balóns fora do traballo a realizar polos grupos da oposición e que se vai cargar de máis traballo aos funcionarios, se podían formular rogos e preguntas pero no tempo que levan na Corporación nun 90% dos casos a resposta que da as preguntas formuladas é que se está traballando niso, entón con este tipo de comparecencias a información a recibir é máis exhaustiva, están de acordo coa moción.

O Sr. Varela Martínez indica que queda claro non se pode seguir como estamos agora, este goberno ignora a vontade do Pleno, cando se aproba unha moción é porque existe unha maioría que así a defende, e esa maioría non é a gobernante, por elo ten que haber algún mecanismo para que esa vontade se vexa reflectida.

O Sr. González López reitera que o único que fai esta moción é ter ocupado administrativamente o Concello, como dixo o voceiro socialista a través de rogos e preguntas pode vostede saber en cada pleno como están ditas mocións.

O Sr. Alcalde considera que cada grupo se preocupe das que lle quedanriba da mesa e traelas cando teñan toda a documentación requirida, tamén hai mocións inda que sexan aprobadas son inviables e non se poden executar, hai que esperar os procesos correspondentes, cita o caso da casa da cultura, fai falta proxecto e ter orzamento, están a facer cousas pero fai falta moito diñeiro e estase intentando a financiación, non van a dar información que non sexa veraz.





CONCELLO  
DE  
CABANAS

A continuación somete a votación a moción coas modificacíons propostas, resultando cinco votos a favor dos membros do grupo Socialista, concelleiro do BNG e concelleiro de PDDdG, cinco en contra dos membros do grupo Popular e unha abstención da concelleira de AEC; producíndose empate repítese a votación obtendo o mesmo resultado, polo que de conformidade co artigo 46.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, decide o voto de calidade da Presidencia en contra da moción, quedando polo tanto rexeitada.

6.- ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA. A continuación e previa declaración de urxencia con dez votos a favor dos membros dos grupos Popular, Socialista, concelleira de AEC e concelleiro de PDDdG, e unha abstención do concelleiro do BNG, o Pleno acorda incluír na Orde do Día, o seguinte asunto:

6.A). DISPOÑIBILIDADE TERREOS PARA EXECUCIÓN OBRA “SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS EN LAVANDEIRA”. Visto que en data 3 de xuño de 2016, procedeuse a aprobación provisional do proxecto de “Saneamento e depuración de augas residuais en Lavandeira” a finanziar por Augas de Galicia ao abeiro do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, e vista a proposta da Alcaldía en relación coa disponibilidade de terreos, na que da conta do compromiso de compravenda para instalación depuradora e cesións para paso de canalizacións.

Despois de estudiado o asunto, o Pleno da Corporación, da Corporación co voto a favor dos once membros que o compoñen, acorda:

Que este concello ten a efectiva disponibilidade dos terreos necesarios para a súa realización e os pon a plena disposición, libres de cargas e gravames, da Administración Hidráulica de Galicia con dita finalidade.

PARTE DE CONTROL ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

7.- INFORMES DA PRESIDENCIA.

a) Resolucións da Alcaldía. Dáse conta das resolucións ditadas desde a número 151 do 25-05-2016 ata a número 268 do 23-06-2016.

MOCIÓN URXENCIA

A) O concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña presenta unha moción sobre a modificación da ordenanza da contribución (IBI) indicando que non foi incluída na Orde do Día sendo un dereito básico dos concelleiros, entende que é necesario que se vaía facendo os traballos e os informes correspondentes. O Sr. Presidente indícalle que motive a urxencia, indicando o Sr. Pérez Sardiña que a está motivando e continua coa exposición, a vista do cal o Sr. Presidente o chama a orde e indícalle que motive a urxencia.

O Sr. Pérez Sardiña protesta porque lle interrompa a Presidencia e indica que a urxencia está motivada porque quere que os informes estean con tempo a disposición dos concelleiros para pronunciarse sobre as modificacíons e o estudio das bonificacións.

O Sr. Alcalde entende que non existe tal urxencia porque na Comisión de asuntos do Pleno quedou claro que no mes de setembro se ía iniciar o estudio desta ordenanza e pode proponer todas as propostas que considere interesantes, xa houbo dúas mocións no pleno onde se quedou neso, ademais por moito que se apure ata 2017 non van entrar en vigor as modificacíons, polo tanto considera que non hai urxencia e non é necesario votala.



CONCELLO  
DE  
CABANAS

O Sr. Pérez Sardiña pide a votación da urxencia.

Sometida a votación a ratificación da urxencia, o Pleno da Corporación en votación ordinaria con tres votos a favor dos membros do grupo Mixto, cinco en contra dos membros do grupo Popular e tres abstencións dos membros do grupo Socialista, acorda rexeitar a urxencia da referida moción.

B) A continuación o concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña presenta outra moción sobre a derogación da ordenanza de promoción de condutas cívicas indicando que a normativa legal está derogada, é un texto inaplicable e seguiu a mesma tramitación que a anterior, está motivada a urxencia porque non é aplicable.

O Sr. Alcalde indica que pode haber algo que non cumpra e haberá que emendar pero non derogar, foi consensuada con tódolos grupos, quedouse en mellorala en setembro e insiste en respectar os órganos de funcionamento.

Sometida a votación a ratificación da urxencia, o Pleno da Corporación en votación ordinaria con tres votos a favor dos membros do grupo Mixto, cinco en contra dos membros do grupo Popular e tres abstencións dos membros do grupo Socialista, acorda rexeitar a urxencia da referida moción.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

a) Preguntas orais.

a.1. Grupo Socialista: Intervención do concelleiro Carlos Ladra Brage.

a.1.1. En que estado se atopan as obras do saneamento de San Martín, Batán?

Resposta Alcalde: están pendentes de contratar

a.1.2. Están realizando periodicamente a revisión das fontes do Concello e comprobar o seu funcionamiento e potabilidade?

Resposta Alcalde: fixose unha revisión e colocáronse carteis, parece ser que agora faltan algúns, haberá que facer unha nova revisión e colocar carteis onde non os haxa.

a.1.3. Mientras o proxecto do Plan Provincial de Medio Ambiente 2016 non se leve a cabo, como se vai abastecer as fontes e duchas municipais?

Resposta Alcalde: en principio hai auga suficiente para as duchas, cando comece a escasear haberá que cortala, as fontes están pechadas porque a xente as utiliza para lavar cans, pero de momento se pode dar auga.

Intervención da concelleira Concepción Rodríguez Ferreiro.

a.1.4. Cando vai empezar a funcionar o servizo de socorrismo da praia?

Resposta Alcalde: se da tempo o día 2, estase cos trámites de selección de persoal.

a.1.5. Cando termine a concesión de axuda a domicilio que ten contratada o Concello, que ten pensado facer?

Resposta Alcalde: hai que sacala de novo a concurso.

a.2. Intervención do concelleiro do BNG Iago Varela Martínez.

a.2.1. A web do Concello ten un espazo para axenda da Alcaldía que non amosa ningunha cita, ou ben está cobrando 30.000 € anuais por 29 horas que non fai nada, ou ben está cobrando



CONCELLO  
DE  
CABANAS

30.00€ anuais por 29 horas nas que en vez de traballar vai a actos do seu partido como a feira do 21 de Cabanas. Ten pensado publicar a axenda da Alcaldía na páxina web do Concello?

Resposta Alcalde: cree que algo está publicado, pero hai que ter valor para acusarlle que non traballa, ten que dicir máis verdades na vida

a.2.2. Rogo. Á vista dos acontecementos rogaría que tanto o Partido Popular como a Agrupación de Electores de Cabanas tiveran a ben convocar a tódolos grupos para darralles a coñecer este acordo bipartito que teñen.

Resposta Alcalde: non hai nada encuberto, ninguén lle vai a prohibir que se leven ben e falar coa xente, como fala con outros grupos que queiran falar, non ten problema en falar con calquera menos cos que queiran calumniar e mentir, con eses non lle gusta falar.

a.3. Intervención da concelleira de AEC María Eva García Amor

a.3.1. Desde a AEC xa reclamou no verán pasado que se controlara o número de embarcacións fondeadas na praia de Cabanas, este ano imos ter que aturar que se utilice a praia como embarcadero ou si se tomou algúnh medida para evitar que os barcos invadan toda a praia?

Resposta Alcalde: vaise delimitar a praia como tódolos anos con boias e despois que se deixe unha entrada e saída desde o areal; en canto a cantidade de barcos que se sitúan no entorno non é competencia do Concello, de todos modos vai intentar facer algo.

a.3.2. Hai unha solicitude de xuntanza por parte dos propietarios da casa de Xan Ares, hai algunha data xa para a xuntanza ou algunha novidade de cómo se vai abordar este tema?

Resposta Alcalde: non, está pendente do arquitecto que está de vacacións, cando veña acordarase o día e avisarase.

a.3.3. Recentemente xubiláronse varios empregados do Concello, cando se ten previsto cubrir esas prazas?

Resposta Alcalde: estase traballando no asunto, vaise intentar que sexa o antes posible.

a.4. Intervención do concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña.

a.4.1. Aparte de cubrir as prazas vacantes ve a necesidade de substitucións durante as vacacións, ten previsto habilitar unha bolsa de traballo para substitución por vacacións, enfermidade, etc., para que os servizos non queden en suspensión mentres esas persoas non retornan o seu posto de traballo?

Resposta Alcalde: intentarase facer, primeiro vaise publicar a oferta de emprego público e a partir de aí verase o que se pode facer.

a.4.2. En relación coa solicitude que fixo o 27/05/2016 para que a policía local fixera informe sobre o estado do camiño de Fontao á vista de que ese camiño estaba sen rematar, cando rematou ese camiño?, por que non se fixo informe da policía local?

Resposta Alcalde: a policía local non faría o informe porque tería outros asuntos más importantes e non sei a data en que se rematou.

a.4.3. En relación a documentación que temos en Secretaría sobre a sentenza do edificio do Penso, votamos en falta bastantes providencias, autos e comunicacións que tiñan que estar aí e axudar a entender esa documentación xa que fai referencia a autos, providencias, etc., que non aparecen, cal é o motivo de que non estean aí eses autos e providencias?, cando van a estar para consulta?



CONCELLO  
DE  
CABANAS

Resposta Alcalde: non cree que haxa ningún motivo especial, pero a gran maioría da documentación é anterior a 2007.

a.4.4. Sobre as bases de selección de persoal e a súa tramitación é competencia da Alcaldía, pero a lexislación permite que esas bases sexan ditaminadas pola Comisión correspondente, roga se acheguen as bases a Comisión para que ditamine antes de que se aproben por Decreto.

a.4.5. Roga que traballe porque este Concello garanta un sepelio digno, neste sentido suxire que para o vindeiro pleno poña un punto na orde do día no que poidamos debater sobre a cuestión de como o Concello ten que garantir un sepelio digno.

Resposta Alcalde: sobre este rogo falouse na Comisión e xa falou co pároco e explicaron por ambas partes a confusión que había; nos cemiterios veciñais onde o Concello ten asinado un acordo coas asociacións non hai problema, onde os cemiterios son do Bispado eles teñen as mesmas obrigas de facelo cumplir, é un tema que está cuberto neste Concello.

b) Preguntas por escrito.

b.1. Preguntas presentadas polo concelleiro do BNG Iago Varela Martínez en escritos de data 28 de xuño de 2016.

b.1.1. O pasado 5 de xuño o alcalde e varios concelleiros do grupo de goberno visitaron as Fragas do Eume coa Conselleira de Medio Ambiente e outros cargos públicos do Partido Popular.

Tendo en conta que o PRUX do Parque das Fragas do Eume leva aproximadamente un ano paralizado no Parlamento Galego, o BNG desexa coñecer as seguintes cuestións:

- Cal foi a natureza da visita? Foi unha reunión institucional, un acto do seu partido ou un encontro privado?
- Aproveitou esa visita o señor alcalde para preguntarlle á Conselleira sobre o estado de desenvolvemento do novo PRUX?
- Pode o señor alcalde informar á veciñanza da situación actual do PRUX?

Resposta Alcalde: foi unha reunión con motivo do día mundial do medio ambiente; aproveitou para iso e moitas cousas mais; estase traballando nel, de feito houbo xuntanza coas asociacións dos veciños; en canto a prazos, cree que hai máis dun ano que se tratou e quedouse nunhas cuestións sobre as que se está traballando.


b.1.2. Coa chegada do verán, a praia da Madalena acolle, nos días de bo tempo, un elevado número de persoas, polo que a seguridade debe ser un factor prioritario para o concello.

Sobre esta cuestión, desde o BNG desexamos saber:

- Cando ten pensado o goberno municipal delimitar a zona de baño coa liña de boias?
- Cando está previsto que comece a funcionar o servizo de socorrimiento? En que horario funcionará? Cantas persoas comporán o equipo de salvamento?

• Habida conta da cantidade de embarcacións e da cada vez maior cantidade de persoas que practican deportes acuáticos (kayak, paddlesurf...) en zonas que van más aló da Praia da Madalena, ten pensado o Concello establecer algún sistema de vixilancia no resto da liña de costa do concello?

Resposta Alcalde: esta semana; xa contestou, o horario dos últimos anos, cree que era de 13 a 20 horas; tres persoas en quendas de dúas.; a vixilancia das augas non lle corresponde ao Concello.





CONCELLO  
DE  
CABANAS

b.1.3. O BNG tivo coñecemento de que propietarios de naves no polígono de Vilar do Colo denuncian que están a traballar sen licenza polos atrasos na outorgación das mesmas por parte do concello.

Antes estas afirmación, desde o BNG queremos coñecer as seguintes cuestións:

- Ten coñecemento o alcalde destas denuncias?
- Son verdade os feitos denunciados?
- De ser así, cantos casos ten documentados o concello?
- Cal é o tempo medio de concesión destas licenzas?

Resposta Alcalde: non tivo coñecemento e gustaríalle saber quen foi; si é de comunicación previa aos quince días xa pode comezar, si é obra maior e cumpre os requisitos pode tardar sobre corenta e cinco días aproximadamente.

b.1.4 Hai máis dun ano o goberno municipal instalou sinais coa nova denominación de rúas e camiños, a pesar de que o rueiro non foi aínda aprobado definitivamente. Esta situación está a causar confusións ás empresas de mensaxería, servizo de Correos e mesmo emerxencias.

Por esa cuestión, desde o BNG desexamos ter resposta ás seguintes cuestións:

- Cando ten previsto o alcalde tratar a modificación do rueiro para a súa aprobación definitiva?
- Ten pensado o concello comunicar os cambios aprobados ás empresas e servizos afectados de forma directa, para así evitar molestias á veciñanza?
- Valora tomar en consideración a posibilidade de tapar temporalmente a sinalización instalada para evitar confusións?

Resposta Alcalde: fáiselle difícil crer que haxa confusión, pronto se fará esa publicación e non se vai a tapar a sinalización.

b.1.5. Ducas de camiños ao longo de todo o concello están tomadas pola maleza, impedindo a circulación segura de peóns e vehículos. Esta situación tamén se repite nos parques infantís, marquesñas de autobuses etcétera.

Ante esta situación de abandono, o BNG desexa coñecer

- Cando ten previsto o Concello limpar os camiños?
- Por que non se limpian até o de agora?
- Non considera que fala bastante da súa falta de planificación e profesionalidade que o goberno non sexan capaz de atender unha necesidade sobradamente coñecida como é a de cortar a maleza cando medra?

Resposta Alcalde: a día de hoxe non é así, esa é estrada da Xunta e vostede non dí nada das estradas da Deputación, nunha semana xa cambiaron moitos, estanse a realizar os traballos programados; ata agora non houbo persoal; non podemos estar contentos, nos gustara que estiveran mellor pero houbo circunstancias como as climáticas que dificultaron, estase intentando solucionar iso.

b.2. Preguntas presentadas polo concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña en escrito de 28 de xuño do 2016.

b.2.1. Soubemos que hai veciños que collen auga na fonte de Fontao, tamén acontece noutras fontes municipais. En que condicións está a auga das fontes públicos para o consumo? De existir problemas de potabilidade que medidas ten previsto adoptar o concello?





CONCELLO  
DE  
CABANAS

Resposta Alcalde: esta pregunta xa se contestou, as medidas que se tomaron cando se puxo a sinalización, volverase a poñer a sinalización que falte

b.2.2. Por informarnos da situación do Penso non cometemos ningunha imprudencia, só exercemos un dereito fundamental á información e a que as administracións públicas actúen con transparencia. Alá vostede e o seu mundo de bos e malos. En que situación se atopa a execución da primeira fase? Cando ten previsto que volvan os veciños afectados ás súas vivendas? O concello paga os alugueiros e os gastos comprometidos coas persoas afectadas? Cando se achegará o informe técnico municipal sobre o expediente patrimonial que vostede ten paralizado? Xa resolveu a denuncia presentada polo veciño que denunciou?

Resposta Alcalde: cando a empresa o comunique van poder vir os veciños, o concello está cumprindo segundo o previsto, espero que pronto; sobre a resolución da denuncia os técnicos están traballando nese asunto.

b.2.3. Varias cidades acaban de aprobar a renda social para axudar a familias necesitadas. Na Coruña, por exemplo, esta axuda supón 2,1 millóns de euros en relación a un orzamento de 244 millóns de euros, é dicir, un 1%. O PP preveu cun orzamento de 2 millóns de euros unha cifra bastante inferior aos 20.000 euros que sería ese 1%. Considera o alcalde lóxico que haxa máis gasto superfluo nos orzamentos de 2016 ca apoio ao conxunto de familias necesitadas do concello de Cabanas? Cre que cunha fotografía para a galería xa se acaba coa pobreza na bisbarra ou é necesario un apoio maior?

Resposta Alcalde: neste asunto non creo que vostede sexa o máis sensible ao respecto, ningunha familia deste concello vai quedar sen atender.

b.2.4. Houbo unha comunicación do colexio de avogados sobre desafiuazamentos. Que medidas ten previsto adoptar en relación a desfiuzamentos no concello?

Resposta Alcalde: vamos a ter reunión cos avogados de Ferrol e despois faremos todo o que sexa posible desde o Concello para axudar as familias afectadas.

b.2.5. No informe de Ecoloxistas en Acción para 2016 outórgaselle unha bandeira negra por mala xestión ao PXOM do arquitecto Antonio De Vega na localidade lucense de Barreiros onde se quere legalizar un convenio ilegal coa connivencia da Xunta. Pretende o alcalde de Cabanas lograr co PXOM outra bandeira negra para Cabanas? Está ao tanto que o PXOM de Abegondo acaba de ser anulado polo TSXG porque as proxeccións demográficas e o estudio económico non eran realistas? Vai renovar o contrato co redactor para seguir co plan?

Resposta Alcalde: disto xa se falou nalgúnha reunión e na comparecencia para analizar o informe medioambiental, quedou claro que o PXOM cumple, simplemente había que retocar algúns puntos, en canto o contrato estase intentando facer esa ampliación.

b.2.6. A través do decreto 235/2016 o alcalde solicitou subvención ao INEGA para "Reforma e mellora enerxético do alumeadoo público do Areal" por un importe de 11.866,62 €. En que consiste esta actuación?

Resposta Alcalde: creo que se equivoca de lugar, é seguir mellorando os alumados públicos.

b.2.7. No decreto 266/2016 contratou a través de procedemento negociado sen publicidade a actuación "Roce e limpeza do parque do Areal no Concello de Cabanas" por un importe de 3.466,65 €. Que actuacións se realizaron?

O Sr. Presidente indícale que se limite a pregunta tal como está, e o advirte por segunda vez.

Resposta Alcalde: estase realizando o que ven no decreto.



CONCELLO  
DE  
CABANAS

b.2.8. Producíuse un accidente nas actividades municipais a causa do cal un pequeno rompeu un dente. O concello indemnizou con 60 € á familia do menor afectado. O concello dispón de seguro de responsabilidade civil para estas incidencias?

Resposta Alcalde: por suposto.

b.2.9. Como non responde volvémoslle a preguntar por cuarta vez pola vixencia da acta entre o Concello e a Demarcación de Carreteras de 19 de decembro de 1983. Pódenos contestar a pregunta pendente de marzo, abril e maio na presente sesión? Quen determina as aliñacións nas vías urbanas? Está a ceder o goberno local os bens e inmobilés de Cabanas ao proxecto do Ministerio de Fomento?

Resposta Alcalde: creo que vostede ten gañas de enredar, volva a preguntar en xullo a ver si teño resposta.

b.2.10. O alcalde asegurou nun medio radiofónico que o goberno central xa aprobou un proxecto modificado para a N-651. Cando prevé que se someterá a información pública? Pódenos explicar as modificacións?

Resposta Alcalde: a exposición pública está a punto de saír, as modificacións creo que serán mínimas, non serán significativas, cando saia a exposición pública poderase comprobar.

b.2.11. O concello de Ordes comunicou a existencia de cans abandonados no Camiño de Santiago que transcorre por Cabanas. Que actuacións levou a cabo o goberno local para resolver esta incidencia?

Resposta Alcalde: as que se estaban facendo antes dese comunicado.

b.2.12. A Axencia Tributaria de Madrid remitiu un acordo polo que se inicia e comunica un trámite de audiencia sobre expediente sancionador.

Resposta Alcalde: ten que concretar mais que non temos coñecemento diso.

b.2.13. O pasado 21 de xuño o Departamento Territorial de Sanidade na Coruña comunicou a detección de "contaminación microbioloxica na auga de baño". Que medidas se adoptaron por parte do goberno local?

Resposta Alcalde: iso xa está arranxado desde o día seguinte a comunicación.

b.2.14. En relación cos chalés de Cardeita, un hórreo desaparecido e a tramitación de expediente de reposición da legalidade. En que situación se atopan todas estas cuestións?

Resposta Alcalde: estase traballando para solventar esas cuestións.

b.2.15. En relación cos chalés ilegais do Pombal e xa próximos a que transcorran os 6 anos establecidos pola lei. Que actuacións vai realizar a alcaldía para garantir a obriga de reposición da legalidade?

Resposta Alcalde: o que resulte do expediente aberto.

b.2.16. Suxestión. Por un momento pónanse nos zapatos dos que están pasando por graves dificultades económicas e á vista do orzamento municipal para o presente ano, suxírolles un incremento significativo das achegas destinadas a emerxencia social e atención social.

Resposta Alcalde: xa lle contestou que ningunha familia nin persoa vai quedar sen atender.

A continuación a Presidencia levanta a sesión sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos da cal estendo a presente acta , e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e prace.

O Alcalde



O Secretario

Página 12 de 12